

Acta da sesión ordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **28 de abril de 2014** na Sala de Xuntas do Decanato da Facultade de Ciencias da Educación, coa asistencia dos seguintes membros:

Roberto Suárez Brandariz (Vicedecano)
Rosa Caramés Balo
Blanca Laffon Lage
Eduardo Pásaro Méndez
Araceli Serantes Pazos
Pedro Vega Marcote
Ánxela Bugallo Rodríguez xustifica a súa ausencia.

Comenza a sesión as 13:10 horas, para trata-lo seguinte **Orde do día**:

PUNTO 1.- Constitución do Comité Ambiental.

Toma a palabra o Vicedecano para corroborar a Constitución do Comité Ambiental coa presenza de todos os membros que solicitaron a súa incorporación coa excepción de Adina Dumitru e a ausencia xustificada de Ánxela Bugallo Rodríguez.

PUNTO 2.- Realización da Ecoauditoría.

O vicedecano desculpa as presas da convocatoria dados os curtos prazos de que dispoñía a facultade para respostar os requerimentos da Universidade respecto da Constitución do Comité Ambiental, por un lado, e a elaboración da Ecoauditoría por outro. Coméntase por parte de algúns membros do Comité que non lles constaba parte da información da que se estaba a falar. Polo que o Vicedecano propón volver a enviala a todos os membros.

Dado o traballo feito polo profesor Pedro Vega o Vicedecano dalle a palabra para que explique o estado no que se atopa o borrador da Ecoauditoría que presenta ao Comité. Despois da súas explicacións e o pertinente debate, propónse a data do cinco de xuño como tope para presentar alegacións o borrador proposto e consensuar o texto definitivo.

PUNTO 3.- Rogos e preguntas.

O profesor Eduardo Pásaro propón como Coordinador Técnico do Comité ao profesor Pedro Vega dado que considera co traballo que leva desenvolvido ata agora capacitao para o mesmo. O resto dos membros do Comité asintén a proposta, que o profesor Pedro Vega acepta con algunhas reticencias respecto a duración do cargo. Actuará como Secretaria a profesora Araceli Serantes.

Asimesmo proponse que para divulgar millor o traballo do Comité e unha maior visualización da mesma se incorporase un apartado específico na web da nosa facultade.

E sen máis asuntos que tratar levántase a sesión as 14.00 horas.



Asdo.: Roberto Suárez Brandariz